



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE QUINTELA  
11 DE SETEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta anterior
- 2.- Orzamentos participativos
- 3.- Dar conta da reparación e asfaltado do camiño do Carballal
- 4.- Dar conta da colocación de sinais na parroquia de Quintela
- 5.- Rogos e preguntas

ASISTENTES

Presidente: Cándido Vilaboa Figueroa

En representación dos grupos municipais:

- José Luis Villaverde Campos polo PP
- Luisa Cayetano polo AER
- Xoan Carlos González Campo
- Paula Campo Camiña

Como representantes das asociacións de veciños:

- Eloy Quiñones Guisande
- Francisco Ferverza Otero
- Claudino Rodríguez Gómez

Como representantes da Comunidade de Montes:

- Generosa Leirós Barreiro

Como representantes da comunidade de augas:

- Francisco Javier Sánchez Martínez
- Bernardo Casas Montero

En representación das ANPAS escolares:

- Lorena Rodríguez Vilaboa
- Ángel Lorenzo

Non asiste e excusa a súa ausencia, D<sup>a</sup> María José Fabre Ferverza en representación da Comunidade de Montes.



## CONCELLO DE REDONDELA

Secretaria: Manuela Docampo Pintos

No CEIP de Quintela, a once de setembro de dous mil catorce, previa convocatoria reuníronse os/as membros do Consello Parroquial de Quintela baixo a presidencia do Sr. Vilaboa Figueroa, por delegación do Sr. alcalde e asistidos de min, a secretaria do consello, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión sendo as vinte horas e dez minutos, pasándose a tratar a Orde do Día.

### **1.- Aprobación da acta anterior**

O presidente dá conta da acta da xuntanza deste consello parroquial do 7 de febreiro de 2014.

Sometida a votación, apróbase a mesma coa abstención do Sr. González Campo e da Sra. Campo Camiña que non asistiran á xuntanza anterior.

### **2.- Orzamentos participativos**

O Sr. Sánchez Martínez pregunta ao presidente cuántas xuntanzas hai no ano, xa que hai unha reunión que se saltou.

A Sra. Cayetano manifesta a súa conformidade co Sr. Sánchez Martínez.

O presidente dille que non se saltou que se aprazou ata que pasaran as vacacións, que se saltou a de xuño e que as xuntanzas son catro.

O Sr. Sánchez Martínez di que o Concello os convocou varias veces xunto con outras asociacións de veciños, comunidades de augas e alí falouse que se deberían reunir as asociacións para facer propostas ao Concello..

O Sr. presidente contéstalle que dende a convocatoria houbo tempo para ter esas propostas.

O representante da Anpa de Quintela, o Sr. Lorenzo, fai a seguinte proposta para os orzamentos participativos:

- Un espello para o cruce á saída do colexio (peticionado anteriormente).
- Unha papeleira máis, non fai falla que sexa nova pode ser unha reciclada.
- Limpeza arredor do Colexio.



## CONCELLO DE REDONDELA

O presidente dille que para a limpeza do entorno do colexio hai que dirixirse á concelleira de limpeza viaria.

O Sr. Lorenzo aclara que se trata do exterior do colexio polo que o presidente respóndelle que haberá que dirixirse á Comunidade de Montes e aos propietarios das parcelas lindantes.

Segue coas súas propostas e pide o

- Arranxo de tuberías de augas pluviais

O presidente comunícalle ao Sr. Lorenzo que xa está arranxada.

Continúa e propón:

- Pintado de línea amarela no aparcamento do colexio que poña bus ou senón que se facilite a pintura que a pinta o Anpa.
- O cambio de ubicación do contenedor sito no aparcamento onde da volta o autobús no camiño de San Mamede.

O Sr. Lorenzo pide que conste en acta que vai presentar no concello e na Xunta de Galicia unha petición para que se cubran as escaleiras do colexio.

A Sra. Cayetano manifesta tamén a súa conformidade con esta proposta , e di que os nenos cando suben as escaleiras do colexio están expostos ao vento, chuvia, van con paraugas e ademáis van cargados co material escolar, que é algo necesario.

O Sr. Lorenzo segue e propón o

- Asfaltado do aparcamento de profesores

O presidente dille que non se pode que é competencia da Consellería de Educación.

O Sr. Fervenza Otero fai as seguintes propostas:

- Arranxo dunha tubería rota no Camiño do Verdeal

O presidente dille que ese camiño se vai asfaltar.

O Sr. Fervenza continúa e propón:

- A colocación dunha defensa ao contenedor sito xunto ao cruce de San Mamede co camiño do Porto, está feita unha base.



## CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Sánchez Martínez di que había que sanear as augas pluviais no cmño. de San Mamed .

O Sr. Fervenza propón por último

- Meter tuberías e desaugue no Camiño do Redondo.

O Sr. Quiñones Guisande propón:

- Meter tubería no camiño da Faxina

Tamén di que na última reunión quedaran cousas no tinteiro.

O Sr. Sánchez Martínez dirixíndose ao Sr. Fervenza Otero e ao Sr. Quiñones Guisande di que non está de acordo que se fagan propostas xa faladas cada un co presidente do consello, que existen consellos parroquiais, que non se pode actuar pola súa conta co presidente para tratar temas que afectan a toda a parroquia. Tamén pregunta quen administra os orzamentos participativos.

O presidente dille que os administra o Concello e o interventor, que sempre se piden tres presupostos e logo se adxudica.

Tanto o Sr. Sánchez Martínez como a Sra. Leiros Barreiro din que o ano pasado para a barandilla só houbo un presuposto.

O presidente contesta que sempre se piden tres presupostos agás nos tubos que se utilizaron para o camiño do Verdeal que se fixo un vale.

O Sr. Quiñones Guisande segue e propón:

- A limpeza do camiño de Pontearas, do tramo que vai ata o depósito

A Sra. Campo Camiña di que está intransitable

O presidente pregunta se está asfaltado .

O Sr. Quiñones contéstalle que non.

O presidente comunica que os camiños que non están nventariados o Concello non os limpan, xa que non son públicos.

O Sr. Fervenza Otero pide que os limpen xa sexa o Concello se son públicos ou os propietarios se son particulares.

O presidente pregunta se o camiño remata na estrada.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Fervenza Otero contéstalle que remata na de Arsenio.

O Sr. Quiñones Guisande segue coas súas proposicións:

- Limpeza do camiño do Adro
- Asfaltado do camiño do Rivera
- Arranxo da marquesiña da vía vella, está deteriorada e chove nela.

A Sra. Leiros Barreiro propón:

- Asfaltar o tramo onde está ubicada a marquesiña na estrada de Quintela, na Coutada, xa que aínda que se reparou e acondicionou o solo onde está ubicada, senón se asfalta vai facer lama cando empece a utilizarse polos autobuses.

O Sr. Sánchez Martínez pregunta ao presidente se se sabe algo sobre a cesión dos terreos do AVE, enriba do tunel da antiga vía do tren.

O presidente contéstalle que está solicitado pero aínda non se ten resposta.

A Sra. Leirós pregunta se se vai a abrir o camiño de Verdeal.

O presidente di que se fixo un proxecto para o seu arranxo e vaise a pedir ao Sr. Fervenza Otero que ceda o camiño.

O Sr. Fervenza Otero di que para facer a cesión do camiño, díxeronlle no Concello que lle vai custar arredor de 200 €.

O Sr. Sánchez Martínez pide ao presidente que faga propostas.

O presidente propón as seguintes actuacións:

- Reparación do camiño de Carballal, que se tratará no punto 3,
- Reparar a estrada no Cruceiro onde vai a curva para a Igrexa, así como levantar a tubería das augas pluviais e prolongala .
- Construir o muro do Sr. Fervenza Otero no camiño do Verdeal.

O Sr. Sánchez Martínez non está de acordo en que se teña que conter as terras do Sr. Fervenza.



## CONCELLO DE REDONDELA

O presidente di que a construción do muro sería a cambio dunha cesión de terreos,

O Sr. Glez. Campo pregunta sobre os metros que se cederían, se son os que pide o PXOM, para que quede un camiño de 6 ou 8 metros.

A presidencia contesta que é anchar a cuneta e meter drenaxe.

O Sr. Glez. Campo di que afecta a dúas fincas e que ao mellor o ancho a ceder pode ser en vez de dous, catro metros de ancho. Que está de acordo se ten a distancia que ten que ter.

O presidente responde que o Concello xa ten visto como vai quedar.

O Sr. Glez. Campo di que plantexa isto porque hai que facer as cousas ben.

Sometido a votación o asunto, apróbase por maioría dos membros presentes, co voto en contra do Sr. Sánchez Martínez e coa abstención do Sr. Fervenza por ser parte interesada.

O presidente propón tamén:

- Asfaltado do camiño do Adro.
- Retranqueo do camiño do Frades.

Polo tanto, á vista de todas as propostas realizadas polos membros do consello, os orzamentos participativos do ano 2014 serían para realizar as seguintes obras:

- Asfaltado onde está a marquisiña na estrada de Quintela, na Coutada.
- Reparar estrada no Cruceiro onde vai a curva para a Igrexa, levantar tubería e prolongala.
- Construción do muro do Sr. Fervenza no camiño do Carballal.
- Asfaltado do camiño do Adro.
- Retranqueo do camiño do Frades

### **3.- Dar conta da reparación e asfaltado do camiño do Carballal**

Polo presidente dase conta do proxecto de Reparación e asfaltado do camiño do Carballal

O Sr. Sánchez Martínez pregunta para cando será iso.

O Sr. Glez. Campo pregunta qué inclúe.



## CONCELLO DE REDONDELA

O presidente responde que só é o asfaltado e a realización das cunetas para a recollida das augas pluviais.

O Sr. González Campo pregunta se non se mete o saneamento.

O presidente contéstalle ao Sr. González que non que xa existe.

O Sr. Sánchez Mtez. solicita a donación de tuberías para levar a cabo a traída de augas antes da realización das obras.

O Sr. Glez. Campo comenta que había subvencións para obras de traída de auga, que pode negociarse e que se inclúa no proxecto a renovación das tuberías

O presidente dille que non se pode, que o proxecto xa está feito e que non se incluíu a renovación das tuberías de auga.

A Sra. Leirós Barreiro di que pasará o de sempre, asfaltarase o camiño e logo se volverá a abrir para meter a traída de augas.

O presidente di que hai que ver o proxecto e estudar se se pode incluír substitución da tubería da traída de augas pero ten o problema de ser particular (dos comuneros).

A Sra. Cayetano di que é millor retrasar o proxecto para non estar a abrir o camiño unha vez arranxado.

O Sr. Sánchez Martínez pregunta ao presidente se a comunidade de augas pode pedir unha axuda para o cambio das tuberías.

O Sr. Glez. Campo di que a Comunidade de Augas cumpre unha función de dar servizo aos veciños e que é un equipamento que se renova. Pódese pedir subvención nun plan da Deputación haberá que preguntar se saliu a concocatoria.

O presidente di que salían axudas da Deputación e que debemos decidir se a maioría decidimos invertir o diñeiro dos orzamentos participativos aí. En canto ao tema da tubería de auga haberá que preguntar qué pasa ao ser propiedade da comunidade de augas, xa que nela mandan os comuneiros.

O Sr. Sánchez Mtez. di que a Comunidade de Augas realizou enganches que non se cobraron no seu día a cambio do manantial de augas. Propón que o material para o cambio das tuberías o custee a Comunidade de Augas e que o custe da maquinaria o subvencione o Concello, xa que a comunidade ten que abrir, sacar o escombro e facer os enganches.



## CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Glez. Campo propón que se pague o custe da maquinaria cos orzamentos participativos.

O presidente di que habería que saber canto custa a maquinaria para meter a tubería e incluílos nos orzamentos participativos e que o asfaltado vai ata a estrada Vella.

O Sr. Sánchez Mtez. di que o ideal sería sacar a tubería do centro da estrada e levala á cuneta, xusto do lado contrario a onde está conectada a traída.

O Sr. Glez. Campo di que habería que dilucidar se hai algún problema se na obra se inclúe o cambio da tubería de augas que é da comunidade de augas nun camiño do Concello.

O presidente di que xa está mandado á Deputación.

Pola presidencia **pásase a tratar o punto 5 da convocatoria**, deixando atrás o **4 de dar conta da colocación de sinais na parroquia de Quintela**.

### **5.- Rogos e preguntas**

A Sra. Cayetano propón que este Consello Parroquial apoie o acordo adoptado polo Consello Parroquial de Saxamonde onde se acordou solicitar a construción dunha rotonda nos Valos, co fin de que se leve ao Pleno do Concello, para que o concello interceda e faga forza. Explica que é unha zona onde se cruzan moitos autobuses escolares cando se dirixen aos centros de educación, polo tanto afecta a varias parroquias da vila: Vilar de Infesta, Saxamonde e Quintela, así como a Nespereira.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos membros do Consello Parroquial adhírense á proposta do Consello Parroquial de Saxamonde.

O Sr. Glez. Campo expón que na Vía Vella, que é unha zona de tráfico onde a xente vai camiñar por alí o límite de velocidade está en 60 km/h e logo nesa mesma vía, redúcese a 40 km/h pero a xente segue interpretando que é a 60 km/h, polo que pide se estude a baixa de velocidade en todo o tramo a 40 Km/h para unha maior seguridade vial.

A Sra. Campo Camiña pregunta sobre o problema da auga potable no colexio e tanto o presidente como o Sr. Lorenzo contéstalle que xa está arranxado.

Tamén pide a limpeza do lavadeiro "Muíño do Porto" no camiño de San Mamede.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e coarenta minutos da data fixada no





CONCELLO DE REDONDELA

encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

Dilixencia: Esténdese para facer constar que a presente acta foi corrixida na xuntanza do 22.12.2014, no punto 2 da páxina seistres, onde dicía que “...Construción do muro do Sr. Ferverza no camiño do Verdeal...” debería dicir “...*Construción do muro do Sr. Ferverza no camiño do Carballal...*”